

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE COSPEITO, LUGO:

Atendendo á ausencia no termo municipal do Sr. Alcalde en funcións, Don Armando Castosa Alvariño, os días 26 e 27 de maio de 2015, período no que é ineludible o dictado por Alcaldía de actos administrativos esenciais para o funcionamento ordinario da administración.

Considerando o establecido no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que os tenentes de alcalde substitúen pola súa orde ao alcalde nos casos de vacante, ausencia e enfermidade.

Considerando o establecido nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, en canto ó procedemento a seguir para a delegación das funcións de alcaldía en caso de ausencia do titular, así como o artigo 115 do mesmo texto.

Considerando o establecido no artigo 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que se refire á suplencia dos titulares dos órganos administrativos de xeito temporal.

Considerando o establecido na Resolución de alcaldía de 17 de xuño de 2011 de nomeamento por orde de tenentes de Alcalde a Concelleiros da Corporación.

Tendo en conta a ausencia no mesmo período do Primeiro Tenente de Alcalde, Don Fernando Carballeira Rábade.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar como substituto nas funcións da alcaldía durante os días 26 e 27 de maio de 2015, ó segundo tenente de alcalde: Don Daniel Paz Carballeira.

A delegación inclúe a totalidade das funcións de alcaldía, nos termos do artigo 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, durante o período de ausencia. Se delegan as facultades de dirección e xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros. O órgano delegado informará a esta Alcaldía, a posteriori, e en todo caso, cando se lle requira, da xestión realizada e das disposicións dictadas no período, e con carácter previo de aquelas disposicións de trascendencia, conforme ó establecido no artigo 115 do Real Decreto 1568/1986 de 28 de novembro.

No non previsto expresamente nesta Resolución aplicarase directamente o establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 1568/1986 de 28 de novembro, en canto ás regras para a delegación que se establecen en ditas normas.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios municipal así como no Boletín oficial da provincia de Lugo e comunicar en forma legal ó interesado.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre de ditos nomeamentos para o seu coñecementos e efectos oportunos.

CUARTO.- A presente resolución entrará en vigor na data da delegación, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O manda e asina o Sr. Alcalde en funcións, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, a 25 de maio de 2015; do que eu, como Secretario municipal, dou fe.

Cospeito, 25 de maio de 2015.- Alcalde en función, Armando Castosa Alvariño.- Secretario Xeral, Miguel Piñeiro Souto

R. 2344

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13 de maio de 2015, adoptou o acordo núm. 19/330 **CONTRATACION DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015 (exp. Ref. 20-2015).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** a realización de traballos de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2015.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación: O prezo por quilómetro de desbroce é de 150 €/quilómetro máis o 21% IVE (31,50 euros) resultando un total de **181,50 euros/quilómetro IVE incluído.**

O número estimado máximo de quilómetros a desbrozar son 700.

En consecuencia o **valor estimado do contrato ascende á cantidade de 105.000 euros IVE excluído.** O orzamento máximo do contrato é de **127.050 euros IVE (21%) incluído.**

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condiciones especiais de execución:**Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 131,3 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 14 de maio de 2015.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 13008312), Sonia Mendez Garcia